

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

XUSTIFICACIÓN DA PRESENZA DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA NO CURRÍCULO DE E.P. O proceso de globalización no que nos atopamos, fai que sexa cada vez máis necesario facer fronte aos novos retos que foron surxindo tras a paulatina desaparición das fronteiras que se establecían entre países no plano económico, político, cultural e social. Neste sentido, resulta máis ca evidente que desde idades temperás a educación debe ter entre un dos seus principais obxectivos o de dotar aos cidadáns de instrumentos útiles para desenvolver competencias que lles permitan adaptarse adecuadamente a unha nova sociedade cada vez máis interdependiente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, polo tanto, unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é o primeiro requisito que ha de cumprir o individuo para desenvolverse nun contexto crecentemente pluricultural e plurilingüe. Así o recoñeceron todos os gobernos da Unión Europea, que ao longo dos últimos anos programaron diversas actuacións comunitarias en materia de educación co obxectivo de facer posible que cada cidadán posúa un coñecemento práctico de polo menos dous idiomas ademais da súa lingua materna, e así o reflectiu tamén a normativa española. Así, polo tanto, a comunicación en distintas linguas favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado. A educación primaria e máis a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico para todas as persoas sendo a educación primaria a primeira etapa do ensino obrigatorio. A Educación Primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas que terán un carácter global e integrador, estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos. Os obxectivos desta etapa están encamiñados ao logro da adquisición das capacidades que permitan, entre outras cousas: D. Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou creencias, discapacidade ou outras condicións.. F. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. polo tanto, nesta etapa, impartírase, entre outras, a seguinte Área de coñecemento: Lingua Estranxeira. A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudio e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparamos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria. CONTEXTUALIZACIÓN: O NOSO CENTRO Comezando ca contextualización do centro, dicir que nos encontramos no C.E.I.P. ESCARABOTE, situado no concello de Boiro, na parroquia de Escarabote, nun ambiente rural. O centro consta de 146 alumnos/as que viven cerca do colexio e dos que un pequeno número utiliza o transporte escolar. O nivel sociocultural dos nenos é moi variable. A realidade sociolingüística actual, dentro da nosa Comunidade Educativa é a seguinte: a pesar de vivir nun entorno rural galego con moita poboación maior que se expresa en galego, a xente nova do rural está a usar case tanto o castelán coma o galego no seu lecer e na súa comunicación habitual. Tamén nos medios de comunicación e na internet emprégase máis o castelán que o galego. Fóra das aulas e do contexto escolar dinamizado en galego, descendeu o uso da nosa Lingua. Canto ao nivel de coñecemento do galego, se falamos de comprensión, case o 100% o entenden a nivel oral e escrito (segundo o seu nivel de competencia lecto-escritora). O alumnado está distribuído en 9 unidades educativas: 3 de E.I. e 6 de E.P. O horario do centro é de xornada continua (de 9:45 a 14:45). O centro non dispón dun Departamento de Orientación propio, pero conta cunha Orientadora que ten a súa intervención educativa compartida con outro centro do Concello. Consta de 9 mestres titores (un apoio en E.I.) e especialistas: 1 de Inglés, 1 de Educación Física, 1 de Música, 1 Pedagogía Terapéutica, 1 de A.L. e tamén hai 1 mestra de relixión que ten a intervención educativa compartida con mesmo centro que a Orientadora. Este curso continuamos con seccións bilingües nos niveis de Educación Primaria de 1º a 5º na Área de Arts and Crafts, polo que, o tempo de contacto dos nosos alumnos e alumnas coa lingua estranxeira aumentou nunha sesión semanal máis no seu horario ao traballar esa Área co Lingua Inglesa. Este curso escolar contaremos coa asistencia dunha auxiliar de conversa que acudirá ao centro a partir de outubro. Esta programación vai destinada ao grupo de 4º de E.P. formado por 20 nenas e nenos que xa estaban no noso centro o curso pasado. Son un grupo moi heteroxéneo con grandes diferenzas, tanto a nivel académico coma de actitude cara as aprendizaxes así como de comportamento pero, ao mesmo tempo, un grupo participativo. Tres alumnos non promocionaron a cuarto pero tiñan a Área de Lingua estranxeira aprobada. Decidiuse tomar medidas organizativas para poder atender de maneira máis satisfactoria ao todo o alumnado: facer un desdobre coa titora coa Área de Lingua Castellana.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

### Descrición:

Un dos principais obxectivos da educación primaria é lograr unha formación sólida para afrontar con éxito a seguinte etapa na vida dos alumnos. Para iso, han de alcanzar uns coñecementos que lles garantan á súa vez a adquisición dunhas competencias que serán moi significativas para o desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. A incorporación das competencias ás distintas materias favorecerá a integración das aprendizaxes poñendo en práctica os coñecementos dos alumnos para poder aplicalos ás diferentes situacións ás que teñan que facer fronte ao longo da súa vida.

Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave alcanzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. O traballo nas áreas e materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias clave debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e das aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, favorecerán o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do medio físico, a creación, a convivencia e a cidadanía, ou a alfabetización dixital. Igualmente, a acción tutorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. Por último, a planificación das actividades complementarias e extraescolares reforzarán o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

O proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua inglesa contribúe á adquisición das seguintes competencias clave:

#### 1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:

- § Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñen finalidade didáctica ou son de uso cotián.
- § Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos necesarios para escribir correctamente.
- § Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios infantís.
- § Ser capaz de identificar e usar conceptos gramaticais básicos como sílaba, palabra, enunciado, nome, etc.

#### 2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Ademais dos exercicios puramente matemáticos, nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e ordenación de viñetas relacionadas cos textos contribúen ao desenvolvemento de habilidades características desta competencia. Por outro lado, a correcta expresión lingüística dos números tamén forma parte da contribución da área de Lingua ao desenvolvemento da Competencia Matemática. O traballo a través de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo en que viven.

#### 3. COMPETENCIA DIXITAL

A área proporciona destrezas para a procura, selección e comprensión da información. Os programas de comprensión dos diferentes tipos de textos, as actividades relacionadas coas imaxes ou coa análise de sinxelas cuestións tipográficas contribúen ao desenvolvemento desta competencia desde os primeiros cursos. Xunto a estas cuestións xerais, fórmulanse outras máis concretas como, por exemplo, o traballo sobre o ordenador e o seu uso responsable.

#### 4. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a lectura ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra parte, a presenza de actividades que permiten traballar a atención, a memoria ou a construción do sentido serven tamén para contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe.

#### 5. COMPETENCIA SOCIAIS E CÍVICAS

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, de aí que desde a área de Lingua se poida contribuír facilmente ao desenvolvemento desta competencia básica, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Neste sentido, que os nenos aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite aos nenos tomar contacto con outras realidades diferentes da súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

#### 6. SENTIDO DE AUTONOMÍA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

O traballo cos materiais da área de Lingua preséntase de tal forma que poida ser realizado con autonomía. En todas as unidades pídeselles aos nenos que demostren o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento. Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos a poñerse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións, promoven o desenvolvemento desta competencia.

#### 7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Desde a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e o teatro. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan aos textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística.

As siglas que empregamos para referirnos ás competencias clave neste proxecto son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística: LC (Linguistic competence)
2. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía: MST (Competence in Maths, Science and Technology).
3. Competencia dixital: DC (Digital competence).
4. Aprender a aprender: LL (Learning to learn).

5. Competencias sociais e cívicas: SCC (Social and civic competence).
6. Sentido da iniciativa e espírito de empresa: IE (Sense of initiative and entrepreneurship).
7. Conciencia e expresión culturais: CAE (Cultural awareness and expression).

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	What's great about your school?	A través do traballo con esta UD o alumnado aprenderá a nomear espazos no interior e exterior da escola e a comunicarse en situacións habituais que se dan nesta contorna. Visionaremos un vídeo dunha escola do UK, e nenos e nenas terán ocasión de comparar horarios dos dous centros educativos. Como produto final: o alumnado, debuxará e escribirá sobre os lugares favoritos no seu cole.	10	15	X		
2	How do we have fun at the weekend?	No desenvolvemento desta UD, cada neno e nena falará das súas actividades favoritas no tempo libre, e das de seus pais, nais, amigas e amigos. Participarán en conversas simples (2-3 participantes) sobre este tema. O produto final será a elaboración, en pequenos grupos, dun plan divertido para pasar un fin de semana cun grupo de amigas e amigos.	10	13	X		
3	What's special about where you live?	As tarefas a desenvolver nesta UD farán que o alumnado explore o seu pobo a través de visitas nas que se farán conscientes dos edificios destacados, lugares de interese e o mobiliario urbano. Practicarán a moverse, tanto sobre plano sinxelo coma na realidade, a través de expresións básicas de localización. Escribirán sobre unha rúa ou zona especial do seu pobo para eles e elas.	10	12		X	
4	What are the things we wear made of?	Nesta unidade repasaremos o vocabulario da roupa e ampliáremolo con accesorios. Describiremos o que levamos posto, diremos de que material é,...e o alumnado poderá diseñar un "outfit" e facer un desfile na aula.	15	15		X	
5	What hobby do you want to try?	O noso alumnado expresara o que realmente lle gusta facer e o que non. Tamén falarán e escribirán sobre a súa familia. Leremos sobre que hobbies se practican noutros países.	10	15			X
6	What can you do in the countryside?	Ao longo desta unidade, leremos textos sobre a natureza, ampliando vocabulario sobre o campo, a zona rural. Introduciremos a estrutura co "be going to" para falar de plans que podemos facer no campo, coa familia e coas amigas e	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	What can you do in the countryside?	amigos. Diseñarán un desafío para os compañeiros e compañeiras.	10	15			X
7	The Travelling Book	Dispoñemos dunha biblioteca onde temos unha sección de Lingua Estranxeira á que podemos dotar, os cursos pasados, dun número xeitoso de novos títulos grazas ás dotacións que tivemos da Administración Educativa para a nosa Área e para as Seccións Bilíngües. Desde a aula tamén contribuímos a fomentar a lectura na lingua inglesa coa actividade do Travelling Book durante o segundo e o terceiro trimestre que consiste en levar a casa cada dúas semanas un libro dunha das coleccións que soemos pedir que compre o alumnado no Nadal. Vai acompañado dun cd para convertilo nun Audio-Book, e dun par de worksheets para traballar a comprensión. Os libros teñen varios niveis e tratan sobre distintas temáticas ou son historias sobre nenas e nenos da súa idade, para así, atender a diversidade que hai na aula, tanto de intereses coma de capacidades.	20	10	X	X	X
8	Festivals	Tratando estas celebracións estamos traendo contidos culturais á aula e con elas contidos como a Educación para la Paz: a importancia de respetar as celebracións doutros países. O alumnado poderá mellorar a comprensión da lingua inglesa a través do visionado de vídeos relacionados coas celebracións coma Halloween Thanksgiving Day, Christmas, Easter, ... Escoitaremos cancións propias destas festas, poderán investigar e descubrir como se celebran nunha cultura diferente á nosa: similitudes e diferenzas e expresar esta información en inglés. A auxiliar de conversa será de gran axuda para levar a cabo estas sesións. Pedirémolle que nos prepare presentacións en Powerpoint e nos amose como celebra esas festas.	15	10	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	What's great about your school?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	How do we have fun at the weekend?	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Utilizar de xeito guiado algunha estratexia que permita levar a cabo o proceso que se describe no CA1.9.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	What's special about where you live?	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	O CA1.6 aplícase como está.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Facer os procesos do CA3.3 con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	What are the things we wear made of?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais,.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira amosando interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.</li> <li>- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	What hobby do you want to try?	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD.	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	O CA1.6 aplícase como está.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Facer os procesos do CA3.3 con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	What can you do in the countryside?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Levar a cabo con axuda o proceso que se explica no CA1.2.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	The Travelling Book	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Utilizar de xeito guiado algunha estratexia que permita levar a cabo o proceso que se describe no CA1.9.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais,.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Festivals	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo os procesos que se describen no CA1.5 contando con axuda.	PE	10
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados con celebracións culturais anglosaxonas.	TI	90
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en facelo o mellor posible.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo os procesos que se describen contando con axuda.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Levar a cabo os procesos que se describen contando con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía defínese como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, consciente e reflexivamente, co fin de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos.

A metodoloxía didáctica na ensinanza da lingua estranxeira é esencialmente comunicativa, polo que os elementos do currículo foron definidos baseándose nos procesos de comunicación aos que van enfocados: comprensión e produción de textos orais e escritos. A aprendizaxe dunha lingua céntrase no significado polo que un principio básico é que todos os contextos e situacións en que os alumnos se aproximan ao idioma deberían ter un sentido completo e relevante e estar relacionadas coas súas experiencias, que poidan identificarse coas situacións en que se encontran.

-O enfoque metodolóxico denominado CLIL (Content and language Integrated learning), prevé a aprendizaxe da lingua complementada coa aprendizaxe integrada de contido doutras materias. A aprendizaxe integrada de contidos e linguas nunha área ou materia non lingüística: AICLE/CLIL, é un novo enfoque didáctico que se está a desenvolver nos últimos tempos dentro das ensinanzas non universitarias cunha dobre finalidade: a aprendizaxe dos contidos da materia non lingüística ao tempo que traballamos os da lingua estranxeira, traeremos á aula de Lingua Estranxeira, contados doutras áreas, así, poderemos mellorar as competencias nunha lingua estranxeira a través do estudo dos contidos doutras áreas curriculares. Traballaremos coa lingua estranxeira «nun contexto». No noso centro estamos a usar este novo enfoque tamén na Área de Educación Artística xa que fomos autorizados para o desenvolvemento de Seccións Bilingües nos niveis de 1º, 2º, 3º, 4º e 5º de EP que permite que o noso alumnado intensifique as súas experiencias na resolución de problemas e saber facer cousas a través doutra lingua, dando unha relevancia destacada ao uso da lingua ao tempo que adquire os contidos da Área dunha maneira máis activa, estimulando así a súa aprendizaxe.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repazos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua. -Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias. -Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte. -Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües. Na Educación Primaria, especialmente durante os primeiros niveis, os profesores debemos dar maior importancia ás destrezas receptivas, sobre todo á comprensión oral. Os principios lingüísticos están basados, en primeiro lugar, no desenvolvemento oral e auditivo, para que máis tarde recoñezan a forma escrita (primeiro animaremos aos alumnos a recoñecer a forma escrita a nivel de palabra, e logo a nivel de oracións sinxelas). Por esta razón, a maior parte da información que reciben os primeiros anos será oral, contextualizada (a través de historias, contos,...) e redundante, pero neste nivel xa comezaremos a traballar coas destrezas productivas, amosándolle sempre exemplos que lles servirán de guía para a posterior produción. Aparte disto, como xa se indicou con anterioridade, teremos en conta as necesidades e as experiencias do mundo que teñen os nosos alumnos, partindo do que xa coñecen (coñecemento previo) para facilitarlles a comprensión da nova información e sexan capaces de relacionala cos contidos previos (aprendizaxe significativa). Os alumnos terán, polo tanto, numerosas oportunidades de incorporar as súas propias vivencias no contexto da aula: con frecuencia pedirémoslles aos alumnos que falen dos seus intereses e experiencias facendo que o proceso de aprendizaxe teña máis sentido para eles. A metodoloxía que usaremos será polo tanto ecléctica: recolleremos determinados aspectos de diferentes métodos para axudar aos nosos alumnos a acadar o que Dell Hymes chamou Competencia Comunicativa, é dicir, ser capaz de comunicarse nunha lingua estranxeira en situacións cotiás (situacións relacionadas cos intereses dos alumnos e a súa idade). Así, para acadar esta competencia comunicativa, os profesores debemos axudar aos nosos alumnos a desenvolver as catro grandes destrezas lingüísticas: listening, speaking, reading e writing/compreñión oral, fala, lectura e escritura. Con respecto ás destrezas productivas, neste curso xa esperamos que os nenos e nenas superen o que Krashen acuñou como período silencioso (o alumnado necesita un período de comprensión oral) polo que, esperamos conseguir de eles, pouco a pouco, uns discursos espontáneos, e tamén, pouco a pouco, crearemos situacións interactivas coma os diálogos. A metodoloxía está enfocada a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra das aulas.

A seguinte listaxe toma como referencia as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira . Así, a metodoloxía que seguiremos levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, contestar a preguntas, desenvolver un xogo....
  - Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
  - Realizar proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.
  - Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado deste grupo de 4º, o que axudará a darlle a cadaquén unha atención individualizada.
  - Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
  - Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.
  - Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.
- Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de cuarto de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar.
  - Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados á idade do noso alumnado.
  - Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
  - Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
  - Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.
  - Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.
  - Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.
  - Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.
  - Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9- Uso dos medios audiovisuais ccn que conta a escola
10- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar
11- Vídeos
12- Rimas e cancións
13- Actividades DUA

Neste centro dispoñemos dunha aula para a nosa área á que os nenos se acercan para recibir as súas leccións. No que respecta ao material que hai na aula para o uso do profesor e alumnado é moi amplo e permite ter un gran abano de posibilidades no momento de ter que programar calquera actividade. Hai moitos recursos visuais que axudan a reforzar moitos dos contidos xa traballados (apoio visual). Esta aula está dotada dun proxector, wifi cun ordenador portátil e dunha pizarra dixital. Na aula tamén se deixará un recuncho de lectura (biblioteca de aula) na que os nenos poderán acceder á lectura de libros en lingua inglesa que está gradados por niveis, por exemplo os "fast finishers" e dunha zona de xogos que trataremos de utilizar de maneira regular.

Na nosa Biblioteca do centro o alumnado dispón dunha biblioteca onde temos unha sección de Lingua Estranxeira á que podemos dotar, o curso pasado, dun número xeitoso de novos títulos grazas ás dotacións que tivemos da Administración Educativa para a nosa Área e para as Seccións Bilíngües. Desde a aula tamén contribuímos a fomentar a lectura na lingua inglesa coa actividade do Travelling Book durante o segundo e o terceiro trimestre que consiste en levar a casa cada dúas semanas un libro dunha das coleccións que soeamos pedir que compre o alumnado no Nadal. Vai acompañado dun cd para convertilo nun Audio -Book, e dun par de *worksheets* para traballar a comprensión. A programación xirará en torno a un elemento que é o libro de texto, a partires do cal se irán desenvolvendo os contidos que presentan segundo seu interese para alumnos e profesor, e a súa funcionalidade. Estes libros veñen estruturados en seis unidades de traballo que ao longo do curso escolar intercalaranse con outras relacionadas con festividades propias da cultura anglosaxona, compartidas ou non coa nosa cultura; exemplos son Halloween, Christmas, St. Valentine, Easter, Thanksgiving Day,... ou calquera outra que se considere oportuno festexar por intereses dos alumnos, da profesora ou do mesmo centro.

1- Páxinas web de xogos online: British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>. Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/> <https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/> <https://www.funenglishgames.com/Types-of-games:Memory;Drag-it;Simon...says...;Match-it;Guess-it;What's-missing?>

2- Historias e contos publicados na rede: Seguiremos aproveitando os recursos en inglés que hai na nosa biblioteca: indo co alumnado a buscar lecturas así como animándoos a tomar prestados libros en lingua estranxeira.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado). Temos o " Games Corner" con xogos variados a súa disposición para manipular de maneira reegular. + De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta; memory game; facer parellas + Dominós/Bingo relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí: + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota, + xogos de rol, + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números, + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos. Na nosa Biblioteca do centro, temos unha estantería con libros de diferentes niveis e temáticas (cómic, libros de misterio,...). Intentamos que o libro vaia acompañado dun CD para que poidan converter o conto/historia nun audio libro e o poidan escoitar, por exemplo, ata no coche da familia. Na aula de Inglés temos a READING CORNER onde teñen a súa disposición lecturas: diferentes tipos de libros en Inglés adecuados libros con Wordsearch, crosswords, dicionarios, ... Material do alumno: Pupil's and Activity Book ; Notebook: caderno para introducir as destrezas productivas: writing. Subscripción a revistas para aprender a lingua e para traer variedade de temas á aula

. 6- Posters e murais: elaborados polo alumnado na propia aula e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e. Por exemplo: + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais + Genially: <https://genial.ly/why-genially> + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/) + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital. CDs audio, CD-ROMs de recursos didácticos, DVDs, webs 2.0. Eencerado dixital interactivo - smart board: Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade. Actividades CLIL para traer contidos doutras Áreas á Aula de Lingua Inglesa: Fichas elaboradas polo/a mestre/a, fichas sacadas de libros de texto ou de diversos materiais didácticos, fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Todo o alumnado deste grupo estivo o curso pasado escolarizado no noso centro. Ao inicio do proceso de ensinanza aprendizaxe realizarase unha avaliación inicial para diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e identificar as posibles dificultades, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos nosos alumnos. A partir dos resultados desta avaliación inicial poderemos atender as necesidades individuais do alumnado. No comezo do curso, coa observación directa e intercambios orais, e posterior rexistro de datos en táboas, puidemos coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) para poder valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	0	0	0	0	10	<b>2</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	90	<b>98</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establécense utilizando: Procedementos como a observación sistemática, interacción orais, presentacións, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros. Instrumentos: táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais. Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso. A cualificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso nas actividades e tarefas realizadas por parte do alumnado. Para eso, teranse en conta e cualificará os seguintes aspectos do seguinte modo:

Cuarto nivel: Instrumentos de avaliación %

Traballo diario	40
Valores e actitude	20
Probas orais e escritas	40

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

O procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. será aplicar apoios e reforzos educativos tan pronto se detecten esas dificultades.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación para 4º de primaria ten en conta os diversos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as; non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito ou ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas características físicas nin habilidades innatas. Por iso, cada actividade das que se propoñen pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e esixencia, estando apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Prestaremos atención personalizada aos alumnos e alumnas e colaboraremos na realización de diagnósticos precoces e a aplicación de medidas adaptadas a nenos e nenas que requiran de tratamento particular.

Para levar a cabo esta atención personalizada, fixarémonos nos seguintes aspectos principalmente:

- os materiais e recursos: que sexan visuais, de liñas claras, atractivos, facilmente manexables e variados en relación a todos e cada un dos temas de traballo;

- as actividades de cada sesión: que sexan de duracións variables, flexibles na duración e o desempeño;

- o nivel de esixencia na intervención dos nenos e nenas en cada actividade: que sexa flexible.

Atención aos nenos e nenas con con dificultade de aprendizaxe: Incluirémolos nas actividades colectivas, de grupo, asignándolles sempre o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

Atención aos nenos e nenas con trastornos de conduta: buscaremos a coordinación co equipo de profesorado do grupo e a orientadora do centro de tal xeito que consigamos incluílos nas actividades de aula.

Atención aos nenos e nenas con nivel de adquisición da lingua estranxeira ou de capacidade de desempeño de tarefas determinadas por riba da media da aula:

- Teremos follas de actividades preparadas para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..,

sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos-as coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións algo máis complexas das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

En definitiva, ao longo do curso levaremos a cabo propostas para atender ó alumnado real que teñamos en cada aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes		X	X		X	X		
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X	X					X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		X			X	X		X

#### Observacións:



Escolleremos os elementos transversais que están no Decreto e relacionarémolos coas UD que imos traballar, e coordinaremonos co titor/titora para decidir a maneira de tratalo e cando. En todas as unidades trátanse temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os sexos, a educación para a saúde, a educación para o consumidor e a educación para o lecer.

Incluimos ademáis, na programación de Lingua Inglesa, valores e actitudes tales como: Educación e respecto na lingua estranxeira; Esforzo co vocabulario e estruturas novos; Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.; Superar o bloqueo mental cando se coñece novos falantes da lingua estranxeira ; escoita atenta e mostrando seguridade ; Uso da lingua estranxeira na clase .

Tamén participaremos no proxecto da Biblioteca do noso centro relacionado cos Obxectivos de desenvolvemento sostenible.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samalín.magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.

Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

### Descrición:

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso faremos unha AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DE AULA: unha avaliación do propio proceso de ensino e da práctica docente onde se revisarán os anteriores indicadores valorando aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado,...

Ao final de curso farase unha memoria recollendo os resultados, que formarán parte da MEMORIA do curso elaborada polo centro.

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro que se poderá incluír nas correspondentes actas de ciclo. Faremoslle unha enquisa ao alumnado cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades. De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD. Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas. Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS: -Reunións do equipo docente da coordinación de ciclo. -No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas. -Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta. -Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado: Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo. Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora: -Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas. -Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas. -Probas de avaliación de distinta dificultade. -Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior: -Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.) A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. Coordinaremonos co resto do profesorado do centro implicado na área de lingua estranxeira así como o profesorado das Seccións Bilingües.

## 9. Outros apartados